

CIG-Saúde Laboral

Boletín nº 28

Nº 28 XUÑO 2018 CIG - GABINETE TÉCNICO CONFEDERAL DE SAÚDE LABORAL

www.cigsaudelaboral.org

SUMARIO

INFORMACIÓN

OIT. INFORME INICIAL PARA A COMISIÓN MUNDIAL SOBRE O FUTURO DO TRABALLO

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

DOCUMENTO-ANÁLISE

PROXECTO DO NOVO REGULAMENTO DA LEI DE MUTUAS: UN NOVO PASO NA DESTRUCCIÓN DE DEREITOS DOS/AS TRABALLADORES/AS

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

SABÍAS QUE..?

CONTROL DA INCAPACIDADE TEMPORAL E PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

INFORMACIÓN

O PO DE SÍLICE LIBRE ENTRA NO CADRO DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS

ESPAZO WEB

T+55: SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL PARA TRABALLADORES/AS MAIORES DE 55 ANOS

Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

EDITA: Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral

Informe inicial para a Comisión Mundial sobre o Futuro Traballo

FINANCIADO POR:

CÓD. ACCIÓN: AT2017-0081



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO, MIGRACIONES
Y SEGURIDAD SOCIAL



FUNDACIÓN
ESTATAL PARA
LA PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES, F.S.P.



Confederación Intersindical Galega

O po de sílice libre entra no cadro de enfermidades profesionais

No Real Decreto 1299/2006, do 10 de novembro, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais no sistema da Seguridade Social, establécense criterios para a súa notificación e rexistro, contendo o cadro de enfermidades profesionais actualmente vixente no sistema da Seguridade Social.

Acontece que continuamente estanse a producir importantes avances nas investigacións, progresos no ámbito científico e por ende na propia medicina, permitindo un mellor coñecemento dos mecanismos de aparición dalgunhas enfermidades profesionais e da súa vinculación co traballo.

O citado Real Decreto 1299/2006, do 10 de novembro, contén a listaxe de enfermidades profesionais no Anexo 1 e se inclúe como Anexo 2 a lista complementaria de enfermidades cuxa orixe profesional se sospeita e cuxa inclusión no Anexo 1, como enfermidade profesional, podería contemplarse no futuro.

Tendo demostrado as evidencias científicas que o po respirable de sílice libre, que pode adoptar a forma cristalina, é susceptible de provocar cancro de pulmón, e debido a que no Anexo 2, grupo 6, co código C601, inclúense as enfermidades provocadas por axentes carcinógenos non incorporadas noutros apartados anteriores, procedeuse a modificar o Anexo 1, incluíndo como enfermidade profesional o cancro de pulmón en traballos expostos á inhalación de po de sílice libre.

Os retrasos na súa inclusión

Vai xa tempo que se sabe (máis de tres anos) e é coñecido que o po de sílice libre é unha substancia canceríxena, a pesares do cal e fundamentalmente por presións das organizacións empresariais veu retrasándose a súa inclusión no Real Decreto 1299/2006, de Enfermidades Profesionais (EEPP).

Non é xustificable que se dende principios do ano 2014 coa publicación do informe “Exposición laboral ao po de sílice cristalina”, a evidencia científica na que se sustenta esta deci-

sión está irrefutabilmente acreditada e contrastada, se tardase dende entón nada menos que tres anos en publicarse o Real Decreto 257/2018, do 4 de maio, polo que finalmente procedeuse a modificar o Real Decreto 1299/2006, para así incluír no mesmo o po de sílice libre como substancia causante de cancro de pulmón en determinadas profesións.



En calquera caso resulta necesario chamar a atención sobre o feito de que, aínda que os valores límite á exposición ao Po de sílice xa constan na *Guía de límites de exposición profesional para axentes químicos de 2018*, publicada polo INSSBT, inexplicablemente a día de hoxe segue a botarse en falta a súa necesaria incorporación ao Real Decreto 665/1997, sobre a *protección dos/as traballadores/as contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo*, dado que as referencias contidas na Guías non son preceptivamente de obrigado cumprimento.

Actividades sectoriais de referencia

Deseguido procedemos a enumerar as actividades coas que se relaciona a posibilidade de desenvolver cancro de pulmón como consecuencia da exposición ao po de sílice cristalina libre:

- Traballos en minas, túneles, canteiras, galerías, obras públicas.
- Tallado e pulido de rochas silíceas, traballos de canterías.
- Traballos en seco, de trituración, tamizado e manipulación de minerais ou rochas.
- Fabricación de carborundo, vidro, porcelana, louza e outros produtos cerámicos, fabricación e conservación dos ladrillos refractarios a base de sílice.
- Fabricación e manutención de abrasivos e de pos deterxentes.
- Traballos de desmoldeo, desbardado e desarenado das fundicións.
- Traballos con moas (pulido, afinado) que conteñan sílice libre.
- Traballos en chorro de area e esmeril.
- Industria cerámica.
- Industria siderometalúrxica.
- Fabricación de refractarios.
- Fabricación de abrasivos.
- Industria do papel.
- Fabricación de pinturas, plásticos e gomas.

A protección dos/as traballadores/as fronte ao po

A protección dos/as traballadores/as fronte ao po vén regulamentada na Orde ITC 2585/2007, pola que se aprobou a Instrución Técnica Complementaria (ITC) 02.0.02 de protección dos/as traballadores/as contra o po en relación

coa silicose nas industrias extractivas, e na que se establece:

- a) A inclusión no Documento sobre Seguridade e Saúde (DSS) dun plan de control da exposición dos/as traballadores/as ao po.
- b) A realización de 3 medicións ao ano por cada un dos postos de traballo nos que exista risco de exposición ao po. Permítese a solicitude de redución de número de mostras a unha anual, nos casos nos que as tres últimas medicións, para un mesmo posto, arroxen resultados por debaixo do 50% do valor límite.

Os valores límite estipulados de exposición diaria (VLA) son os seguintes:

- Fracción Respirable de Po (FRP): 3 mg/m³.
- Fracción Respirable de sílice libre: 0,1 mg/m³.
- Fracción Respirable de sílice libre (cristobalita ou tridimita): 0,05 mg/m³.

A Orde ITC 101/2006, de 23 de xaneiro, pola que se regula o contido mínimo e a estrutura do Documento sobre Seguridade e Saúde para a industria extractiva, establece a obriga de pór de manifesto que se identificaron os perigos nos lugares e postos de traballo (neste caso exposición ao po) e que se avaliaron os resultados das medicións do po nestes postos.

